

# “CORREMOS POR UN SORRISO INFANTIL”

O CEIP. A IGREXA DE AS SOMOZAS xunto coa colaboración do CONCELLO organizamos a **III Carreira popular**, este ano a favor de “**SONRISAS SOLIDARIAS**” destinada a Asociación sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións, co número 609799, que nace para axudar dunha maneira totalmente altruísta, aos nenos e nenas, que están pasando por unha enfermidade, como é o cancro infantil.

A proba dará comezo a partir das 10:15 horas. Todas as categorías terán un percorrido circular con saída e chegada no mesmo punto. En caso de inclemencia meteorolóxica trasladarase só a etapa do percorrido 1 ao pavillón municipal; os demais percorridos levaranse a cabo igual. O remate será aproximadamente sobre as 13:30 horas con zumba e sorteo de agasallos.

As categorías serán as seguintes con saída e chegada ao CEIP. A Igrexa de As Somozas.

**Etapa 1 .-** Saída ás **10:45** horas, incluíndo nenos e nenas de **3 a 7 anos**.

**Etapa 2.-** Saída ás **11:15** horas, incluíndo a nenos e nenas de **8 a 12 anos**.

**Etapa 3.-** Saída ás **11:30** horas, adultos e nenos e nenas dende **11 anos**.

**Etapa 4.-** Saída ás **11:45** horas, o percorrido será o mesmo que para a etapa 3, pero a modalidade será unha “**Andaina**”.

## DISTANCIAS:

**Etapa 1.-** 600 metros aproximadamente, 30 min. de duración.

**Etapa 2.-** 2 – 3 quilómetros aproximadamente, 30 min. de duración.

**Etapa 3.-** 5 quilómetros aproximadamente, 45 min. de duración.

**Etapa 4 .-** 5 quilómetros aproximadamente, 60 min. de duración.

## PERCORRIDO

O percorrido será o dos anos anteriores e será o persoal do concello o que sinalice debidamente todas as etapas.

O día 26 de novembro o persoal do concello xunto con protección civil farase cargo de que os corredores e corredoras teñan correctamente marcadas as distintas etapas.

# INSCRICIÓN

Aberto o prazo dende o día 1 de novembro ao 20 de novembro ambos incluídos.

A carreira é aberta a todo o público e poderán anotarse en calquera das etapas, indiferentemente da idade recomendada do mesmo. Os puntos para inscribirse son:

- **CEIP. A IGREXA As Somozas**
- **BARBEIRO en As Pontes**
- Así mesmo poderase facer por medio do correo electrónico do colexio : [ceip.igrexa.somozas@edu.xunta.es](mailto:ceip.igrexa.somozas@edu.xunta.es) (cubrirán a inscrición que estará na páxina web do centro, enviarana a esta dirección, asinarémoslles un número e o día da carreira farán o abono.

En caso de dúbidas poñerse en contacto no seguinte número de teléfono:

**881 938 101 / 650 866 872.**

O prezo de inscrición terá un custe de 6 € para maiores de 16 anos e de 2€ para menores de idade.

Os dorsais entregaranse o día da carreira na zona de avituallamento dende as **10:15 horas**

## PREMIOS E AGASALLOS

Dado o carácter solidario da proba, non haberá premios económicos en ningunha categoría. Ao rematar da proba sortearase entre todos os participantes agasallos cedidos por establecementos ou entidades colaboradoras con esta causa, aos que se optará en función do número do dorsal.

## AVITUALLAMENTO E DUCHAS

Haberá avituallamento sólido e líquido para todos os participantes ao rematar as probas. Estarán a disposición dos participantes os vestiarios e duchas do Centro e do Pavillón Municipal.

## SEGURIDADE

A carreira ten carácter exclusivamente colaborador e participativo. Polo que todo atleta polo propio xeito de tomar a saída acepta o regulamento da mesma así como as posibles modificacións de normativas, percorridos ou horarios se as circunstancias así o aconsellan.

O CEIP. A Igrexa (As Somozas) aproba no Consello Escoar a organización desta carreira solidaria **“Sonrisas Pelonas”**.

A proba está cuberta por parte do Concello de As Somozas en canto a responsabilidade civil e a mobilización dos efectivos necesarios para garantir a seguridade de todos os participantes.

A proba discorrerá por vías públicas do Concello de As Somozas, que estarán controladas polo persoal autorizado polo Concello.

A organización non se fai responsable dos posibles danos morais ou físicos que podan sufrir os participantes.

Todo corredor polo simple feito de inscribirse e tomar a saída acepta que se publiquen os datos persoais dados en medios de comunicación así como das súas imaxes e fotografías.

Todo punto non recollido neste programa quedará a criterio da organización.

**A ORGANIZACIÓN**  
**(CLAUTRO DO CEIP. A IGREXA DE AS SOMOZAS)**